




ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) E O CONCELLO DE LOUSAME PARA A ENTREGA DE UN (1) DESFIBRILADOR SEMIAUTOMÁTICO EXTERNO (DESA) PARA SERVIZOS DE EMERXENCIAS, COFINANCIADO NUN 80 % POLO FEDER NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, OBXECTIVO TEMÁTICO 05, PRIORIDADE DE INVERSIÓN 05.02, OBXECTIVO ESPECÍFICO 05.02.01, LIÑA DE ACTUACIÓN 05.02.01.03.

DESTINATARIO: CONCELLO DE LOUSAME

En A Estrada, a 14 de febreiro de 2018.



REUNIDOS



Dunha parte: D. Luis Menor Pérez, Vicepresidente da Axencia Galega de Emerxencias, en nome e representación desta en virtude da resolución de delegación de sinatura do Presidente da Axega de 8 de febreiro de 2018.

De outra parte: D. Ramón Martínez Rial, na súa condición de Tenente de alcalde do Concello de Lousame, por resolución da Alcaldía.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para acordar en nome das entidades que representan

EXPOÑEN

I. O programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 ten entre os seus eixes reidores a dotación de equipamento, instalación e infraestruturas de protección civil destinadas á prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e fenómenos relacionados co clima, co fin de garantir unha resposta eficaz fronte aos riscos producidos polos fenómenos da natureza así como os derivados da actividade do home sen esquecer as tarefas de prevención fronte aos mesmos.

II. A Lei 5/2007, do 7 de maio de 2007, de Emerxencias de Galicia (DOG nº 94 de 16 de maio de 2007), crea a Axencia Galega de Emerxencias (en diante AXEGA), e a configura coma unha entidade instrumental para o estudio e execución da política autonómica en



materia de xestión de emerxencias e protección civil, correspondéndolle entre outras funcións a xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112.

Un dos obxectivos de AXEGA é o de conseguir unha elevada calidade de resposta ás emerxencias en todo o territorio de Galicia baseada en criterios de homoxeneidade, eficacia e eficiencia sendo unha das premisas establecidas nos plans de emerxencias a de asegurar a coordinación de todos os organismos e administracións implicadas, así como a de poñer a disposición dos servizos de intervención materiais e equipos específicos para o seu uso na resolución de determinadas situacóns de urxencia ou emerxencia, así como a mellora na atención integral dos servizos de prevención e protección civil.

III. No marco do sistema público integrado de protección civil que define a Lei de emerxencias de Galicia, a AXEGA exerce as súas funcións coa inestimable colaboración dos Concellos, a quen corresponden o primeiro nivel de resposta inicial fronte a calquera emerxencia. Pero non sempre os servizos municipais dispoñen de todos os medios necesarios e, menos áinda, de recursos máis técnicos e especializados, polo que é necesario poder dotalos dun equipamento adecuado que posibilite e redunde nunha mellor capacidade de intervención co fin de acadar un maior grao de seguridade para a cidadanía.

A esta finalidade respondeu a adquisición de equipamento de emerxencias e protección civil. A adquisición deste equipamento está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80% no marco do Programa Operativa FEDER de Galicia 2014-2020 favorecendo o equipamento, instalación e infraestruturas de protección civil destinadas á prevención e xestión de riscos derivados de catástrofes naturais e fenómenos relacionados co clima.

Por canto antecede as partes asinantes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do acordo é de común interese para ambos e ten por obxecto mellorar a prestación dos servizos que cada un deles teñen encomendados, conveñen en subscribir o presente acordo que se rexerá polas seguintes




CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

A AXEGA entrega en propiedade ao Concello de Lousame o seguinte equipamento:

Obxecto	Unidades	Nº de serie
Desfibrilador semiautomático externo (DESA) ZOLL AED Plus	1	X17G939288

Segunda.- Condicións da entrega

- 
- a) A cesión en propiedade ao Concello de Lousame é a título gratuíto e será destinado á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.
 - b) A entidade receptora do equipo relacionado na cláusula primeira fará un uso diligente deste conforme aos principios que inspiraron o presente acordo.
 - c) A entidade receptora asumirá todos os custes e gastos que se deriven do uso do equipo obxecto do presente acordo.
 - d) A entidade receptora realizará as tarefas de supervisión necesarias para garantir a permanente dispoñibilidade e operatividade do desfibrilador e adoitará aquelas decisións que resulten procedentes para velar polo cumprimento de las obrigas impostas pola normativa reguladora do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Terceira.- Notificación e rexistro dos desfibriladores

A entidade receptora do DESA deberá cumplir as obrigas establecidas no **Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario e se crea o seu rexistro (DOG Nº 70, do 10 de abril de 2017).**

De conformidade co disposto no **artigo 5** de dito Decreto, a entidade receptora **deberá notificar** a instalación ou retirada dos desfibriladores á consellería competente en materia de sanidade, así como as variacións que se produzcan nos datos declarados, a través da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, realizando unha declaración responsable (no **Anexo I do Decreto 38/2017, do 23 de marzo,** figura o formulario normalizado para efectuar a declaración). Este mesmo precepto establece a



canle para a presentación da declaración responsable e o **artigo 6** sinala a documentación que debe xuntarse.

Cuarta: Vixencia

Este acordo entra en vigor o día da súa sinatura.

E en proba da súa conformidade asinan por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados



Luis Menor Pérez
Vicepresidente

Polo Axencia Galega de Emerxencias

Polo Concello de Lousame



Ramón Martínez Rial
Tte. Alcalde